

CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA A REALIZACIÓN DE CURSOS DE VERÁN DA UDC EN 2020

I. Definición dos cursos de verán.

Os cursos de verán enténdense como un instrumento para o debate e o intercambio entre a comunidade universitaria e a sociedade. A efectos da presente convocatoria, considéranse como tales calquera oferta de encontros, cursos, seminarios ou talleres que se oferte baixo a indicación de *cursos de verán*, sexa por iniciativa propia da institución ou en colaboración con outras entidades, celebrada en período estival baixo o logotipo ou identidade corporativa da Universidade da Coruña (UDC).

Todos os cursos de verán da UDC rexeranse polas presentes normas, for na tramitación das solicitudes ou na súa execución.

II. Marco normativo.

- Os cursos de verán van dirixidos preferentemente a estudantado das universidades e a un público amplo interesado na oferta cultural, científica ou de actualidade canalizada pola UDC; a idade mínima dos asistentes establécese en 16 anos. Diferéncianse en obxectivos e público da oferta de congresos, simposios e reunións científicas.
- As propostas pódense presentar nas seguintes modalidades:
 - o Modalidade A. Cursos de 15 horas presenciais de duración.
 - o Modalidade B. Cursos de 30 horas presenciais de duración.
 - o Modalidade C. Posibilidade de presentación de un máximo de tres módulos de 15 horas presenciais de duración cada un, nunha única solicitude, para aquelas propostas que traten aspectos distintos dunha temática común.
 - o Modalidade D: Calquera das modalidades anteriores financiable coas inscricións e axudas externas que non precisen subvención e queiran acollerse aos beneficios desta convocatoria.

Aqueles cursos que esgotaran o número de prazas e tiveran unha elevada demanda de asistencia poderán realizar unha segunda edición que se financiaría coa porcentaxe correspondente das inscricións e o financiamento externo.

- O seu período de realización vai do día 10 de xuño ao 13 de setembro de 2020, ambos incluídos.
- A duración máxima de cada curso será dunha semana, recoméndase que a duración de cada xornada non supere as 8 horas lectivas.
- Cada curso de verán terá unha dirección e unha secretaría. Cando menos un destes cargos será ocupado por persoal docente ou por PAS da UDC. No caso da secretaría, o cargo poderá ser ocupado tamén por estudantado da UDC.

- No caso que a dirección estea desempeñada por unha persoa allea á UDC a secretaría recaerá nun membro do PDI ou PAS da UDC que será o responsable perante a Vicerreitoría, na organización e infraestrutura do evento como na execución do seu orzamento.
- No caso de que durante o curso se realice algunha actividade fóra do recinto universitario a organización do propio curso deberá xestionar e pagar un seguro ás persoas que non sexan membros da comunidade universitaria.
- Corresponde á dirección do curso de verán establecer os contidos do programa, designar a persoa que ocupe a secretaría, responsabilizarse da xestión económica, manter os contactos de organización e de información cos intervenientes, a reserva –xunto coa secretaría– dos lugares e horarios, garantir o control de asistencia e os diplomas correspondentes, entregar o cuestionario de calidade e, en xeral, correr coa xestión do curso.
- Corresponde á secretaría do curso a asistencia permanente á dirección no desenvolvemento da xestión do curso e todas aquelas tarefas concretas que aquela lle fixe.
- Para a súa aprobación definitiva, cada curso deberá ter ao final do prazo de inscrición un mínimo de quince persoas matriculadas (excluírase deste cómputo ás persoas beneficiarias das bolsas de matrícula gratuíta outorgadas pola Vicerreitoría de Igualdade, Cultura e Deportes). Soamente en casos excepcionais, debidamente xustificadas e sempre que existan recursos económicos acreditados, a Vicerreitoría podería aprobalos cun número menor de matrícula.
- A matriculación dos cursos de verán centralizarase na Oficina de Cursos, que remitirá as listaxes á secretaría do curso.
- A Vicerreitoría de Igualdade, Cultura e Deportes entregará un diploma acreditativo a todo o alumnado matriculado que asistira con regularidade ao curso. A asistencia cubrirá, cando menos, un 85 % das sesións. O control da asistencia é responsabilidade da organización do curso.
- Ao estudantado da UDC certificaráselle o recoñecemento académico correspondente pola súa participación en cursos de verán oficiais. Nos outros casos, certificaranse as horas de asistencia.
- As sedes do curso estarán nos campus da UDC, na Coruña e en Ferrol, nas instalacións que esta posúe ou en espazos especialmente ofertados a este fin. No caso de se celebraren en concellos ou en instalacións alleas, a dirección do curso deberá concertar o establecemento dun marco conveniado entre a entidade ou institución responsable desas instalacións e a UDC.
- Para aquelas actividades levadas a cabo en espazos alleos á UDC, as persoas que non sexan membros da comunidade universitaria, deberán pagar un seguro de accidentes por importe de 10€ (cota a sumar ao prezo do curso).
- Cada curso disporá dun procedemento de avaliación de resultados que, no seu caso, lle poderá ser facilitado pola Secretaría de Cursos de Verán e que deberá entregarse, debidamente cuberto, xunto coa memoria final da actividade.
- A Vicerreitoría de Igualdade, Cultura e Deporte resérvase a posibilidade de encargar directamente cursos que traten temas de interese institucional e actuali-

dade non ofrecidos nas propostas presentadas. Estes cursos poden partir da iniciativa de asociacións de estudantes recoñecidas no ámbito da UDC.

III Recoñecemento académico.

- En ningún caso poderán ter efectos curriculares en relación a calquera das titulacións oficiais da UDC, agás os créditos correspondentes co disposto na Resolución Reitoral da UDC na que se establecen as actividades polas que se recoñecen créditos nos estudos de grao, pola participación en actividades universitarias culturais, deportivas, de representación estudantil, solidarias e de cooperación (RR 16/10/2017), ao estudantado da UDC poderánselle recoñecer créditos pola participación en cursos de verán oficiais da UDC: 1,5 créditos por cada 15 h., máximo 3 créditos por curso.

IV. Procedemento de remisión de propostas.

- Poderán presentar proxectos de cursos de verán o profesorado da UDC, os departamentos, os institutos e os centros propios así como os servizos desta universidade. As axudas serán para unha única actividade por solicitante ou solicitantes.
- A proposta será enviada por escrito á Vicerreitoría de Igualdade, Cultura e Deporte coa seguinte documentación:

- a. Solicitud segundo modelo oficial dispoñible na web www.udc.gal/occ/impresos
- b. Proxecto onde se inclúa:
 - i) Título do curso.
 - ii) Responsables da dirección e secretaría.
 - iii) Obxectivos razoados.
 - iv) Alumnado a quen se dirixe.
 - v) Programa do curso, onde se detallen as actividades académicas (conferencias, mesas redondas, obradoiros...), con indicación de días e horas. Coa finalidade de non coincidencia en datas no desenvolvemento dos cursos, as persoas que coordinen deberán indicar tres períodos de datas distintos ordenados por preferencia.
 - vi) Relación de intervenientes, cun breve perfil académico ou profesional e adecuación ás materias tratadas (máximo 300 caracteres por cada persoa).
- c. Orzamento que inclúa os honorarios de cada participante, posibles gastos de desprazamento e aloxamento, publicidade, financiamento externo e outros.
- d. Axuda solicitada á Vicerreitoría de Igualdade, Cultura e Deporte

- A data límite para a recepción de propostas das modalidades A, B ou C será o 6 de marzo de 2020. Para as propostas da modalidade D será o 20 de marzo de 2020.
- As propostas deberán entregarse nos rexistros da UDC: Rexistro Xeral da Universidade da Coruña (Rúa da Maestranza 9, 15001 A Coruña), Rexistro Auxiliar do

campus da Zapateira (Facultade de Ciencias, andar baixo A Coruña) e Rexistro Auxiliar do campus de Ferrol (Edificio de Apoio ao Estudo, andar baixo, campus de Esteiro, Ferrol) ou mediante o envío da documentación a través de calquera dos medios establecidos no artigo 16.4 da lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas ou norma que o substitúa, dirixidas a Cursos de Verán da UDC, Vicerreitoría de Igualdade, Cultura e Deporte, Maestranza, 9, 15071 A Coruña.

- Unha vez comunicada á dirección do curso a aprobación, esta ou a secretaría enviará á Vicerreitoría de Igualdade, Cultura e Deporte o programa definitivo, xunto coa confirmación de asistencia dos intervenientes, coa data límite de 27 de abril de 2020.

V. Criterios de selección das propostas.

A Comisión de Participación e Extensión Universitaria, delegada do Consello de Goberno, formulará á Vicerreitoría de Igualdade, Cultura e Deporte a proposta de resolución en que se detallará a relación de solicitantes aos que se lle concede a colaboración económica para o desenvolvemento de actividades que xustifiquen e garantan a súa calidade, interese e participación.

Serán criterios para a proposta:

- A calidade, novidade, actualidade e oportunidade das solicitudes, que non deberán coincidir con materias curriculares. A tal fin, outorgarase a seguinte puntuación:
 - a. Valoración académica e científica: máximo de 4 puntos.
 - b. Calidade e solvencia dos intervenientes: máximo de 3 puntos.
 - c. Oportunidade e actualidade da proposta: máximo de 2 puntos.
 - d. Temática de actividades que non se realizara en edicións anteriores: máximo de 4 puntos
 - e. Grao de financiamento externo documentado: máximo de 5 puntos.
 - f. A continuidade ou periodicidade das actividades valorarase con respecto á organización, asistencia e subvencións de edicións anteriores: máximo de 2 puntos.
- Serán excluídas as solicitudes que non alcancen un total de 8 puntos.
- No caso de existiren coincidencias temáticas entre varias solicitudes e cando non for posible a súa integración nunha única, seleccionarase a de maior puntuación.
- Procurarase garantir a renovación da oferta dando cabida a actividades que non se realizaran en edicións anteriores.

VI. Financiamento.

- As axudas corresponderán á partida 1700170001.422D.226.06, denominada VICD. Cursos de verán e xornadas e ciclos de conferencias. O centro de gasto correspondente a cada curso será o do centro a que pertencen as persoas de dirección ou de secretaría.
- As axudas non cubrirán o 100 % do orzamento total da actividade e en ningún caso superarán a cantidade de 1 500 euros para a modalidade A nin a cantidade de 2 000 euros para as modalidades B e C.

• A dirección do curso deberá xustificar convenientemente que o financiamento externo garanta a diferenza entre esta posible axuda e o orzamento global da actividade. A tal fin, deberá constar o compromiso escrito de financiamento das entidades colaboradoras, con indicación das cantidades exactas e a forma de facelas efectivas. Non se consideran “entidades colaboradoras”, a este efecto, os departamentos, institutos ou centros da UDC.

• Os prezos de matrícula serán os seguintes:

- Prezo xeral:
 - o Modalidade A: 50 €
 - o Modalidade B: 80 €
 - o Modalidade C: 50 € por módulo
- Prezo reducido. A coordinación do curso poderá establecer o perfil das persoas beneficiarias, en todo caso será aplicable a estudantes de calquera universidade e comunidade universitaria da UDC:
 - o Modalidade A: 30 €
 - o Modalidade B: 50 €
 - o Modalidade C: 30 € por módulo
- Os prezos para a Modalidade D serán establecidos pola dirección do curso e non poderán exceder de 200 € e 300 € reducido e xeral respectivamente.
- A Vicerreitoría de Igualdade, Cultura e Deporte disporá dun máximo de 6 prazas por curso destinadas a concesión de bolsas de matrícula gratuíta (4 estudantado e unha para cada sector de PAS e PDI da UDC).

Os ingresos por matrícula, xerados en calquera das modalidades (A, B, C ou D), non reverten no curso. Finalizado o prazo de matriculación e unha vez xerados os ingresos correspondentes polo Servizo de Xestión Económica, cada curso recibirá un financiamento adicional máximo do 80 % do importe de matrícula recadado. A suma deste financiamento adicional xunto coa subvención recibida non poderá exceder do:

- 70% do orzamento do curso.
- 100 % do orzamento do curso sumada a subvención allea recibida.

A axuda, que estará formada por esta e pola que proveña doutras fontes de financiamento alleas á UDC así como a parte correspondente da inscrición, deberá cubrir a totalidade dos gastos xerados pola actividade (aloxamento, viaxes e honorarios de relatores, publicidade, etc.) e deberá ser xestionada e controlada polo Servizo de Xestión Económica da UDC de acordo coas normas propias de xestión de gasto, sen prexuízo da presenza da Sección de Extensión Universitaria nas actuacións de control.

Contra esta axuda non se poderán cargar gastos de protocolo (xantares, bebidas,...).

Non se poderá destinar o importe total da axuda a un único gasto salvo coa autorización expresa da Comisión de Participación e Extensión Universitaria, nin a incor-

poración de créditos do remanente ao exercicio seguinte. O remanente sobranse será reintegrado na partida orzamentaria correspondente da Vicerreitoría de Igualdade, Cultura e Deporte.

Os honorarios da dirección e secretaría poderán ser como máximo de 400 e 250 € brutos respectivamente nas Modalidades A; B e D, e máximo de 300 e 200 € brutos por módulo respectivamente na Modalidade C.

A retribución ao profesorado, tanto alleo como propio da UDC, será como máximo de 100 € brutos por hora impartida ata un máximo de 400 € nas Modalidades A; B e D e ata un máximo de 300 € por módulo na Modalidade C. Os profesores de fóra da UDC terán que impartir un mínimo de dúas horas en cada curso.

A dirección e secretaría do curso que participen como profesorado ou como relatores/as do curso de verán, poderán ter unha retribución máxima de 60 € brutos por hora impartida ata un máximo de 240 € nas Modalidades A, B e D e ata un máximo de 180 € por módulo na Modalidade C.

No caso da participación de profesorado externo de recoñecido prestixio indicárase o patrocinio que cubrirá os gastos de impartición que excedan a retribución anterior. No caso contrario, a UDC non asumirá o custo engadido que iso poida implicar.

En todas as retribucións anteriores realizarase a retención correspondente a conta do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas (IRPF).

A difusión e publicidade conxunta da oferta de cursos de verán correrá a cargo da Vicerreitoría de Igualdade, Cultura e Deporte. No caso de elaborar publicidade específica, esta correrá por conta da organización do curso axustándose ás normas de identidade corporativa da UDC e ao Regulamento de Usos da Lingua Galega na UDC.

VII. Obrigas da organización.

Todas as actividades incluírán, no material de difusión e na súa publicidade, o símbolo e logotipo da UDC e, de acordo cos convenios asinados por esta, os de aquelas outras entidades que no seu caso se indiquen ás persoas organizadoras.

Ata o 6 de novembro, achegarase á Vicerreitoría de Igualdade, Cultura e Deporte unha memoria xustificativa da execución do programa que deberá incluír, cando menos:

- a. Memoria académica da actividade, nunha soa páxina.
- b. Publicidade propia do curso (folletos, cartaces, insercións publicitarias...).
- c. Información e reseñas sobre o curso nos medios de comunicación.
- d. Memoria económica, que incluírá:
 - i) Relación de gastos e ingresos, facilitado pola persoa responsable de asuntos económicos do centro.
 - ii) Axudas solicitadas, concedidas ou denegadas.
 - iii) Relación do destino da axuda económica da UDC.
- e. Documentos cumprimentados de avaliación de resultados.

Calquera variación respecto da proposta presentada a esta convocatoria deberá ser notificada á Vicerreitoría de Igualdade, Cultura e Deporte para a súa toma en consideración.

VIII. Incumprimentos.

A renuncia, a falta de execución ou o uso da axuda para fin diferente ao declarado dará lugar á imposibilidade de concorrencia á convocatoria ou convocatorias seguintes. Calquera outro incumprimento destas normas poderá producir a incoación de expediente para o reintegro parcial ou total da axuda.

Para descargar o formulario ou para calquera dúbida, poden dirixirse á Oficina de Cursos, na Casa do Lagar, primeiro andar, no campus de Elviña, occ@udc.es, www.udc.gal/occ, teléfono 981167000, ext. 1952.

A Coruña, 28 de xaneiro de 2020

A vicerreitora de Igualdade, Cultura e Deporte

Cristina López Villar

Apéndice 1

CALENDARIO

6 de marzo: Data límite para a recepción de propostas na Vicerreitoría (modalidade A, B e C)

20 de marzo: data límite para a recepción de propostas na Vicerreitoría (modalidade D)

27 de abril: Envío á Vicerreitoría do programa definitivo, xunto coa confirmación de asistencia dos intervenientes.

10 de xuño ao 13 de setembro: Datas para a realización do curso.

6 de novembro: Data límite para o envío á Oficina de Cursos da memoria xustificativa.

O prazo de matrícula rematará 5 días antes do comezo de cada curso agás os cursos que se organicen durante mes de agosto que rematará o 26 de xullo. •